




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data dezanove de xuño de dous mil catorce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 192 / 2014

Data decreto: 19/06/2014

Descrición decreto: Nomeamento persoal laboral temporal ATS/DUE para Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto.



DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a baixa por IT do ATS/ DUE Pablo Mouriño Pereiro de data 19/06/2014.

Vistos os movementos de bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de ATS/ DUE.

Tendo en conta a chamada telefónica realizada ás persoas que se relacionan a continuación, que forman parte da bolsa de contratación, onde rexeitan este posto de traballo, acreditando mediante a documentación oportuna para manter o mesmo posto na lista conforme o disposto nas bases da convocatoria para a formación da bolsa de traballo de persoal laboral temporal da residencia e centro de día de Boimorto:

Dna. Laura Lorenzo Lorenzo con DNI 45862517B con entrada nº 1141 en data 19/06/2014 que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Dna. Natalia Vázquez Rodríguez con DNI 78794044T con entrada nº 1142 en data 19/06/2014 que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases de réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear a Dna. M^a Emma Rico Garcia con DNI 44842481W como persoal laboral temporal ATS/ DUE para Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto.

SEGUNDO.- Condicionarase a formalización do contrato en aplicación da base sétima á presentación polo interesado de:

- Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.
- Certificado médico oficial acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.
- Curriculum actualizado con copia cotexada de tódolos títulos.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicadas no apartado primeiro deste decreto, así como publicar no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, unha vez presentada a documentación requerida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 20/06/2014.

Boimorto dezanove de xuño de dous mil catorce

A Alcaldesa

Perante min:
A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 19 de xuño de 2014

Vº Pr.
A Alcaldesa



Asdo.- Ana Ledo Fernandez

